

CONCELLO PLENO
ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.

ACTA NUMERO: 2022/03

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 5 de abril de 2022

Sendo as dezanove horas do día 5 de abril de 2022 reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D^a María Luz Alvarez Lastra

D. Pablo Vizoso Galdo

D^a Mónica Freire Rancaño

D.Marcos A. Villamil Martínez

D^a María del Pilar Otero Cabarcos (a través de videoconferencia)

D.Jorge Díaz Freije

Por Partido Popular

D.Daniel Vega Pérez

D^a Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo (excusa ausencia)

D^a Begoña Sanjurjo Santar

D^a María Elena Sierra Pulpeiro

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

D.Francisco Javier Torviso Berdeal.

Secretario Xeral:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

D^a María Cristina González Santín

Técnico Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga



Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES EXTRAORDINARIA DE 16 DE DECEMBRO DE 2021 E ORDINARIA DE 28 DE XANEIRO DE 2022.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.- EXPEDIENTE NÚM. 1006/2022 RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021.

Dase conta da Resolución da Alcaldía que e transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2021

Unha vez evacuada a tramitación administrativa previa correspondiente á liquidación do exercicio 2021, e vistos os informes da Intervención, os que fan referencia os artigos 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLHL, en diante), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, así como o artigo 16.2 do Real Decreto 1493/2007, do 2 de novembro

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021, que presenta o seguinte resumo:

LIQUIDACION DO ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS	DERECHOS RECONOCIDOS	DERECHOS ANULADOS	DERECHOS CANDELADOS	DRN	RECAUDACION NETA	DERECHOS PENDIENTES COBRO 31/12	EXCESO DEFECTO
1	Impuestos Directos	2.792.000,00	0,00	2.792.000,00	2.894.014,23	1.520,79	0,00	2.892.493,44	2.262.538,39	629.955,05	100.493,44
2	Impuestos Indirectos	130.000,00	0,00	130.000,00	232.152,52	0,00	0,00	232.152,52	232.152,52	0,00	102.152,52
3	Tasas, Precios Públicos Y Otros Ingresos	2.364.545,50	0,00	2.364.545,50	2.380.572,41	11.483,29	0,00	2.369.089,12	2.249.954,37	119.134,75	4.543,62
4	Transferencia Corrientes	3.070.920,00	1.759.911,24	4.830.831,24	4.414.621,13	57.427,42	0,00	4.357.193,71	4.357.193,71	0,00	-473.637,53
5	Ingresos Patrimoniales	14.019,91	0,00	14.019,91	12.802,49	0,00	0,00	12.802,49	12.802,49	0,00	-1.217,42
6	Enajenacion De Inversiones	60.000,00	0,00	60.000,00	61.866,20	0,00	0,00	61.866,20	61.866,20	0,00	1.866,20



	Reales										
7	Transferencias De Capital	446.292,12	1.689.457,81	2.135.749,93	1.776.781,25	0,00	0,00	1.776.781,25	1.776.781,25	0,00	-358.968,68
8	Activos Financieros	27.045,54	1.813.723,14	1.840.768,68	13.706,08	0,00	0,00	13.706,08	5.124,45	8.581,63	1.827.062,60
9	Pasivos Financieros	945.000,00	0,00	945.000,00	819.491,40	0,00	0,00	819.491,40	819.491,40	0,00	-125.508,60
	TOTAL	9.849.823,07	5.263.092,19	15.112.915,26	12.606.007,71	70.431,50	0,00	12.535.576,21	11.777.904,78	757.671,43	2.577.339,05

LIQUIDACION DO ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo	Descripción	Créditos Presupuestarios			Gastos comprometidos	Obligaciones Reconocidas Netas	Pagos	Obligaciones pendientes de pago a 31 de Diciembre	Remanentes de crédito
		Iniciales	Modificac.	Definitivos					
1	GASTOS DE PERSONAL	4.132.993,03	1.276.159,64	5.409.152,67	4.401.432,05	4.401.432,05	4.251.562,89	149.869,16	1.007.720,62
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	3.748.751,87	812.937,88	4.561.689,75	4.098.252,07	4.084.664,58	4.006.103,22	78.561,36	477.025,17
3	GASTOS FINANCIEROS	7.800,00	14.100,00	21.900,00	14.976,06	14.976,06	14.976,06	0,00	6.923,94
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	301.313,61	162.879,84	464.193,45	275.413,98	192.616,59	186.924,76	5.691,83	271.576,86
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
6	INVERSIONES REALES	1.511.919,02	2.420.891,19	3.932.810,21	1.896.867,13	1.357.430,49	1.357.430,49	0,00	2.575.379,72
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	9.000,00	155.424,47	164.424,47	65.207,08	432,03	432,03	0,00	163.992,44
8	ACTIVOS FINANCIEROS	27.045,54	0,00	27.045,54	13.706,08	13.706,08	13.706,08	0,00	13.339,46
9	PASIVOS FINANCIEROS	91.000,00	420.699,17	511.699,17	511.254,73	511.254,73	511.254,73	0,00	444,44
	TOTAL DEL INFORME	9.849.823,07	5.263.092,19	15.112.915,26	11.277.109,18	10.576.512,61	10.342.390,26	234.122,35	4.536.402,65



RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes	9.863.731,28	8.693.689,28		
b. Otras operaciones no financieras	1.838.647,45	1.357.862,52		
1.- Total operaciones no financieras (a+b)	11.702.378,73	10.051.551,80		
2.- Activos financieros	13.706,08	13.706,08		
3.- Pasivos financieros..	819.491,40	511.254,73		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO	12.535.576,21	10.576.512,61		1.959.063,60
AJUSTES:				
4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales			851.429,04	
5.- Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			372.223,10	
6.- Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			1.796.905,38	-573.253,24
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				1.385.810,36

REMANENTE DE TESOURARÍA

COMPONENTES	IMPORTES AÑO		IMPORTES AÑO ANTERIOR	
1. (+) FONDOS LIQUIDOS		3.526.410,77		2.816.860,42
2. (+) DERECHOS PENDIENTES DE COBRO		4.606.394,66		4.380.931,07
- (+) del Presupuesto corriente	757.671,43		1.048.815,07	
- (+) de Presupuestos cerrados	3.766.317,29		3.249.710,06	
- (+) de operaciones no presupuestarias	82.405,94		82.405,94	
3. (-) OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO		907.876,02		1.319.473,25
- (+) del Presupuesto corriente	234.122,35		575.357,55	
- (+) de Presupuestos cerrados	404.180,78		486.460,92	
- (+) de operaciones no presupuestarias	269.572,89		257.654,78	
4. (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN		89.778,30		-522.674,13
- (-) cobros realizados pdtes. de aplic. Definitiva	36.421,03		647.022,02	
- (+) Pagos realizados pdtes. de aplic. definitiva	126.199,33		124.347,89	



I. Remanente de tesorería total (1+2-3+4)	7.314.707,71		5.355.644,11
II. Saldos de dudoso cobro	3.154.252,92		2.594.557,15
III. Exceso de financiación afectada	1.702.134,16		317.458,79
IV. Reman. de tesorería para gastos generales (I-II-III)	2.458.320,63		2.443.628,17

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ó Departamento de Intervención- Tesourería, para o seu coñecemento e efectos oportunos e ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, así como ós órganos competentes da Comunidad Autónoma e do Estado.

A Comisión informativa queda enterada da Resolución da liquidación do orzamento 2021.”

A Corporación Municipal dase por enterada.

3.-EXPEDIENTE NÚM. 4517/2021 RELATIVO A EXPROPIACIÓN PARA APARCADOIRO EN RINLO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“ DITAME: Dase conta do informe-proposta de Secretaría sobre este asunto:

“”INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co procedemento do expediente **Proxecto expropiatorio Aparcadoiro en Rinlo** que leva á práctica as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 05 de outubro de 2021 o proxecto de expropiación referenciado, foi sometido a información pública durante o prazo de quince días.

SEGUNDO. No período de información pública, foron presentadas as seguintes alegacións:

Nome e apelidos	Data entrada no Concello	Nº Rexistro entrada
María del Carmen Castosa Rego	2022-E-RC-1092	03/02/2022 11:39

TERCEIRO. Ao respecto das alegacións, informouse polo equipo redactor do proxecto :

LUIS MENÉNDEZ ARBESÚ, arquitecto técnico municipal do Excmo. Concello de Ribadeo, en relación coa valoración dun terreo para aparcadoiro ao aire libre para o núcleo de Rinlo, e a vista das alegacións presentada pola propietaria do terreo, o técnico que suscribe ratifícase no seus informes anteriores emitidos en data 3 de decembro de 2019, 31 de xaneiro de 2020 e 29 de xuño de 2020, facendo fincapé en que se trata segundo o Planeamento Xeral de Ordenación Municipal dun solo rústico de protección ordinaria para uso exclusivo de aparcamento.

Obra no expediente Informe do técnico municipal, D. Luís Menendez Arbesú de data 22/03/2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 96 e concordantes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

— O artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación definitiva polo Alcalde deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que suscribe eleva a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras mencionadas.

SEGUNDO. Rexeitar a alegación formulada por Dna. María del Carmen Castosa Rego, polos motivos expresados e con fundamento no Informe dos Servizos Técnicos municipais de data 22/03/2022 qe se une como anexo, de conformidade con canto dispón o artigo 88.6 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. e do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do acordo que se adopte.

En consecuencia formular a Folla de Aprecio Municipal coa valoración do técnico, que se notificará novamente ao propietario, o cal dentro do dez días seguintes, poderá aceptala de xeito sinxelo ou ben rexeitala, e neste segundo caso, terá dereito a facer as alegacións que estime pertinentes, empregando os métodos de valoración que xulgue máis axeitados para xustificar a súa propia valoración e así mesmo achegar as probas que considere oportunas en xustificación de devanditas alegacións.

Se transcorresen os dez días e o propietario rexeitase o prezo sinalado na Folla de Aprecio do Concello, remitirase o expediente de prezo xusto ao Xurado de Expropiación, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei de Expropiación Forzosa.

TERCEIRO. Considerar a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, por tanto, acordar a ocupación dos mesmos apra a execución das obras necesarias.”

A Comisión Informativa por cinco votos a favor (catro do BNG e un do PSG-Psoe) e dúas abstencions do Grupo Municipal Popular acorda ditaminar favorablemente este expediente prestando aprobación ao informe-proposta de referencia nos seus propios termos.”

A Corporación municipal, or nove votos a favor (7 dos membros do BNG e 2 dos membros do PSG-PSOE) e 3 abstencións dos membros do Grupo Popular, acorda prestar aprobación ao ditame transcrito anteriormente.

4.- EXPEDIENTE NÚM. 490/2022 RELATIVO A ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE TRABADA PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO ENTRE RIBADEO E TRABADA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA DE ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE TRABADA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SUPRAMUNICIPAL TRABADA- RIBADEO NA PARROQUIA DE VALBOA

Esta Alcaldía co fin de proceder á execución das obras de Acondicionamento e pavimentación do Camiño Supramunicipal Trabada- Ribadeo na parroquia de Valboa, conforme proxecto que se remite, solicita a adopción de acordo da encomenda de xestión a fin de obter a financiación da Xunta de Galicia teor das Subvencións aos Concellos para infraestructuras, equipamentos, instalación, e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais

A actuación proxectada consiste no acondicionamento e pavimentación dun tramo da calzada supramunicipal que une os concellos de Trabada e Ribadeo na contorna do núcleo de Valboa, que actualmente está asfaltada con mestura asfáltica en quente e ten un de ancho duns 4 m e 283 m de lonxitude. O apartado onde está prevista a actuación sitúase no límite municipal entre os Concellos de Trabada e Ribadeo, onde existe unha obra de paso no Rego Ferreiro. A finalidade desta actuación é asfaltar a zona máis deteriorada da vía e mellorar o trazado da curva existente no p.k. 0,250 do avión para facilitar os xiros do vehículos pesados, especialmente camións articulados, que actualmente realizan esta manobra con dificultade, para o que se ampliará a plataforma dende os 4 m actuais ata os 8 m que terás no vértice da curva.

Para levar a cabo esta actuación será necesario ampliar o paso existente sobre o Rego Ferreira, que na actualidade está formada por unha bóveda de formigón cunha luz libre de 2 m e 4,35 m de altura. Realizáronse os cálculos necesarios para determinar a capacidade de drenaxe deste paso traballo determínase que sería capaz de drenar a avenida do período de retorno o 100 anos. O ensanche proxectado realizarase augas abaixo da obra existente e constará de a marco de formigón armado da “Colección de obras de pequeno paso” do MOPU, segunda edición, concretamente un pórtico tipo 3 cuxas características son: 4 m de luz libre e 4,5 m de altura libre. Neste Neste caso, a luz libre redúcese a 2 m para adaptala á obra de paso existente, todo segundo planos de detalle. Tamén se construírán ás e muros de acompañamento con bloques de granito segundo planos detallados. Para a ampliación da plataforma realizaranse os movementos de terras necesarios, desmontaxe e terraplén de préstamos autorizados.

A afirmación e pavimentación do tramo de estrada no que se proxecta a actuación realizarase no seguinte xeito: Nas zonas de ampliación da plataforma, a explanada afirmárase mediante o extensión e compactación dunha capa de grava artificial de 25 cm de espesor sobre a que colocará unha capa base formada por mestura asfáltica en quente tipo AC22 BIN 50/70 S de 5 cm de espesor, espesor e finalmente colocárase o firme definitivo en todo o ancho da calzada, formado por unha capa de mestura asfáltica en quente tipo AC16 SURF 50/70 D de 5 cm de espesor.

Tamén se proxecta a instalación de barreiras de seguridade en ambas marxes na zona do obra de paso proxectada que será unha combinación de barreira tipo bionda e barreira ríxida Formigón prefabricado de Nova Jersey, todo segundo planos detallados

A financiación da obra será a seguinte:

Supón un orzamento total de 58.105,480 euros (IVE incluído) de orzamento base de licitación mais 4.394,52 € en concepto de honorarios técnicos.

O Concello de Trabada comprométese a aportar o 56,50% do orzamento total do proxecto “**ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SUPRAMUNICIPAL TRABADA-RIBADEO NA PARROQUIA DE VALBOA**” incluídos honorarios.

O Concello de Ribadeo comprométese a aportar o restante 43,50% do orzamento total do proxecto “**ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SUPRAMUNICIPAL TRABADA-RIBADEO NA PARROQUIA DE VALBOA**”, incluídos honorarios.

De concederse a subvención por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para a execución da actuación “**ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SUPRAMUNICIPAL TRABADA-RIBADEO NA PARROQUIA DE VALBOA**”, aplicaranse as porcentaxes establecidas nesta cláusula para financiar o importe non subvencionado pola mesma.

A axuda económica que se conceda financiará ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, para as solicitudes conxuntas é de 50.000 euros.

Polo tanto a distribución proporcional será a seguinte, no caso de que se conceda a axuda na súa totalidade:

Concello de Ribadeo	Concello de Trabada	Xunta de Galicia
5.437,5 €	7.062,50 €	50.000,00 €

Á vista do exposto, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente establecidas nos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, propón a adopción do seguinte ACORDO.

PRIMEIRO. - Adopción de acordo plenario para realizar a encomenda de xestión a favor do Concello de Trabada para a solicitude da achega e mais para a licitación e execución do proxecto así como o compromiso de solicitude de autorizacións sectoriais das administración que procedan, de ser necesario.

SEGUNDO. - Facultar á Alcaldesa do Concello de Trabada, como representante única para que actúe como coordinador e interlocutor para a obtención e xustificación da financiación ao 100% a través da axuda da Xunta de Galicia que incluíría os costes dos contratos de asistencia de redacción de proxecto e dirección de obra e o coste do contrato de obra.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente e prestar aprobación á Proposta transcrita, nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno Municipal.”

Sen promoverse deliberación a Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, doce dos trece que compoñen a mesma, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

5.- EXPEDIENTE NÚM.820/2022. RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POR USO DOS BAÑOS DE AS CATEDRAIS.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que de seguido se transcribe:

“PROPOSTA AO PLENO

Visto o informe-proposta do técnico de medio ambiente e o concelleiro de medio ambiente no que propoñen que sexa modificada a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de uso dos aseos públicos da praia de As Catedrais, aprobada e publicada no BOP n.º 164 de 18/07/2014, fixando un prezo público de 1,00 € en lugar do actual de 0,50 €,

Visto que existen razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellan fixar o prezo público sen cubrir na súa totalidade o custo do servizo,

Visto o informe de secretaría de data 16 de marzo de 2022, sobre a lexislación e o procedemento a seguir.

Visto o informe de intervención de data 21/03/2022

Visto o informe de tesourería de data 18/03/2022

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 4 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de uso dos aseos públicos da praia de As Catedrais quedando a redacción como segue:

“A tarifa única que se establece por cada uso das instalación a que se refire a presente ordenanza ascende a 1 euro, IVE engadido no seu caso, por persoa”.

SEGUNDO. Deixar sen efecto o acordo aprobado mediante Decreto de Alcaldía 2020-0354 do 18 de xuño de 2020 polo que se fixou, con carácter excepcional e temporal, un prezo público de 1,00 €.

TERCEIRO. Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente e prestar aprobación á Proposta transcrita, nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno Municipal.

Sen promoverse deliberación a Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

6.-EXPEDIENTE NÚM. 365/2022 RELATIVO A DESIGNACIÓN DE MEMBROS TITULAR E SUPLENTE PARA O CONSELLO ESCOLAR DO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE JESUS.

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME: Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

Con motivo da entrada en vigor da LOMLOE e en relación coa designación de **representantes municipais no Consello Escolar dos Centros concertados,**

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL

Que se adopte o acordo de designar os correspondentes representantes municipais (titular e suplente) no Centro de ensino que se reseñan de seguido:

Colexio Sagrado Corazón de Jesús.

Representante titular: D^a Mónica Freire Rancaño e como suplente D^a María Pilar Otero Cabarcos. “

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente á Proposta transcrita, nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno Municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame transcrito.

7.-EXPEDIENTE NÚM. 1237/2022 RELATIVO A NOVO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VILAS COIDADORAS, (ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONCELLO DE BARREIROS).

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“**Ditame:** Dase conta da Proposta do servizo que se transcribe a continuación:

“INFORME PROPOSTA PARA A ACEPTACIÓN DUNHA ENCOMENDA DE XESTIÓN DO OBRADOIRO DE BARREIROS CANALIZADA A TRAVÉS DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIBADEO E BARREIROS PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE UNHA SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CONVOCADA NA ORDE 31 DE FEBREIRO DE 2022 (DOG NÚME 46)

Vista a ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A)

O artigo 3. prevé que poderán concorrer agrupación de concellos sempre que todos eles pertencan á mesma provincia, nos seguintes casos:

- Concellos limítrofes que conforme unha área xeograficamente continua.
- Concellos que pertencan todos eles á mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela.

O concello de Barreiros e Ribadeo cumpran con esta situación.

O artigo 3.2 da mesma Orde do 21 de febreiro establece que as entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos e dispor da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos.

A lei de bases da Administración Local 1/1985 no seu artigo 25 dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CCAA , nas seguintes materias :

- e) Avaliación e información der situación de necesidade social e atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.
- m) Promoción da cultura e vida activa nas persoas maiores.

Os concellos de Ribadeo e Barreiros, a pesar da súa diferenza na estrutura poboacional, teñen en común dous aspectos fundamentais que son, a dispersión e o avellentamento da mesma, quizais aínda máis acusado no concello de Barreiros, polo seu maior carácter rural.

Tendo en conta que o número de persoas cunha avanzada idade é importante nos dous concellos e que esta franxa de idade está exposta a un maior illamento, soidade e exclusión das actividades cotiás do resto da poboación, os concellos deben facer un esforzo extra por tratar de orientar as súas políticas públicas a reforzar a atención e dinamización dos nosos maiores, que son a base e un referente para a nosa sociedade e evitar o seu abandono e exclusión social.

Paralelamente tanto Ribadeo coma Barreiros xa están a desenvolver actuacións que tratan de fomentar un estilo de vida saudable e activo para os maiores, facilitándolles o acceso ás necesidades básicas e a actividades que melloren a súa situación física, psíquica, emocional e cognitiva, dentro das competencias municipais en materia de Servizos Sociais básicos e dinamización cultural. Trátase de continuar nestas liñas, facilitando ademais formar a persoas nestas materias que tanta relevancia teñen e van a seguir tendo no futuro, xa que a demanda deste tipo de traballadores é elevada en toda a zona da Mariña.

Unha vez fundamentado o obxecto de actuación e visto que ambos os dous concellos teñen competencia para actuar dentro do marco dos coidados e que actualmente están a desenvolver obradoiro de emprego no eido da promoción do patrimonio histórico e natural denominado “ Territorio Vivo “ e que desexan continuar con esta labor e que ademais desexan dar un paso cara adiante artellando a temática do obradoiro nunha das principais retos sociais do S. XXI como son os coidados dun dos colectivos máis vulnerables da sociedade como son os nosos maiores.

Isto é o concello de Ribadeo e Barreiros desexan aunar esforzos e apostar por vilas que poñan no centro das súas políticas ás persoas e os seus coidados; físicos e psicosociais e darlle ferramentas de coidado físico, emocional e social ás persoas envellecidas para ter unha vida e desexan un obradoiro dual de emprego “ **Vilas Coidadoras** “ que buscará pór a vida no centro e así como reforzar e promover a empregabilidade e ocupabilidade de persoas desempregadas en sectores con demanda de emprego.

Seguindo as directrices e o proxecto que se pretende este obradoiro, éste estará dirixido a 20 persoas alumnas –traballadoras maiores de 18 anos e desempregadas divididas a partes iguais en dous módulos formativos onde se impartirán os seguintes módulos formativos:

- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES SOCIALES (SCCS0208)
- DINAMIZACIÓN, PROGRAMACIÓN Y DESARROLLO DE ACCIONES CULTURALES (SSCB0110) (RD 1697/2011, de 18 de noviembre)

A duración do obradoiro será de 12 meses.

Considerando que a unión de varias entidades reforzaría a eficiencia, eficacia na procura dos obxectivos do proxecto., redundando ademais nunha maior sostibilidade financeira do proxecto dado que resultará nun menor gasto para cada Concello con respecto a se fose solicitado individualmente.

Visto o proxecto do Obradoiro Dual de Emprego “ Vilas COIDADORAS ” integrado polos Concellos de Ribadeo e Barreiros, que inclúe un plan formativo, un traballo a desenvolver e o orzamento previsto do mesmo e que ten coma obxectivos xerais:

- a) O recoñecemento da centralidade social do coidado
- b) A vida plena en idades mais avanzadas

E dos eixes estratéxicos :

- a) A importancia dunha vida activa e socialmente acompañada

b) O empoderamento das persoas provedoras e das persoas receptoras de coidado.

En base ao anterior os Concellos de Ribadeo e Barreiros están interesados en constituír unha agrupación de Concellos para solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade o Obradoiro Dual de Emprego denominado “ VILAS COIDADORAS ” encomendando a xestión do mesmo ao Concello de Ribadeo dado que conta con máis experiencia, medios técnicos e de xestión para levar a cabo este proxecto.

Considerando a necesidade a aprobar un convenio para encomendar a xestión do obradoiro de emprego ao Concello de Ribadeo acordo co establecido no artigo 18.1.a) e c) da Orde do 21 de febreiro de 2022.

As encomendas de xestións atopan o seu réxime xurídico no artigo 11 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público que establece que:

“1. A realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño. As encomendas de xestión non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos do sector público. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto nesta.

2. A encomenda de xestión non supón a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade dos órganos ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ao que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda

3. A encomenda de xestión entre órganos administrativos ou entidades de dereito público pertencentes á mesma administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, no seu defecto por acordo expreso dos órganos ou entidades intervincentes. En todo caso o instrumento de formación da encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para súa eficacia, no Diario oficial correspondente. Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que incluírán, alúmenos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.

4.- Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de distintas Administracións formalizarase mediante sinatura do correspondente convenio entre elas, que deberá ser publicado no Boletín Oficial que corresponda, segundo a Administración a que pertenza o órgano encomendantes.

Por outra banda, o artigo 47 h) da Lei reguladora de Bases de Réxime local di que se deberá aprobar por maioría absoluta a “Transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente”. Isto implica que o acordo, ao precisar de maioría absoluta, debe ser adoptado polo pleno municipal (art. 22.2 p)).

A Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, nos seus artigos 47 e seguintes regula os convenios (tipos, validez e eficacia, contido...). Inda que esta lei no seu artigo 48.9 establece expresamente que “as normas do presente Capítulo non serán de aplicación ás encomendas de xestión”, o certo é que estas non teñen ningunha regulación completa específica que podamos tomar como referencia á hora de fixar o contido deste convenio de colaboración no que se plasmará dita encomenda de xestión, polo tanto, podemos tomar como referencia legal para establecer a súa validez, eficacia e contido, o establecido nos artigos desta lei.

Así pois, considérase que estes convenios “deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.” “Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.” Achégase como parte desta proposta un memoria xustificativa acordo co artigo 50.1 da lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime

Xurídicos do Sector Público onde se analiza a necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento previsto nesta lei.

En base ao exposto anteriormente este servizo propón:

PRIMEIRO: Constituír, tendo en conta o disposto na ORDE do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

SEGUNDO. Aceptar a encomenda de xestión de Barreiros para da solicitude e desenvolvemento do obradoiro ao Concello de Ribadeo como entidade promotora.

TERCEIRO. Aprobar o proxecto do obradoiro “Vilas COIDADORAS” integrado polos concellos de Ribadeo e Barreiros , incluíndo o programa formativo e orzamento estimado no mesmo.

CUARTO. Aprobar o contido do convenio de colaboración marco para a encomenda de xestión realizada polo Concello de Barreiros no Concello de Ribadeo, que a continuación se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO CONCELLO DE BARREIROS AO CONCELLO DE RIBADEO PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE UNHA SUBVENCIÓN RELATIVA AO DESENVOLVEMENTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO VILAS COIDADORAS AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE MARZO DE 2022.

No Concello de Ribadeo, a data
de

REUNIDAS AS PERSOAS :

REUNIDOS O alcalde e alcaldesa dos seguintes Concellos:
CONCELLO DE RIBADEO, FERNANDO SÚAREZ BARCIA
CONCELLO DE BARREIROS , ANA BELEN ERMIDA IGREXAS

En nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Segundo.- O artigo 11.3 da Lei 40/2015, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Terceiro.- Con data 8 de marzo de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 21 a orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. Tendo en conta a realidade socio demográfica dos Concellos de Ribadeo e Barreiros, os medios económicos, así como os medios técnicos e humanos dos que dispoñen, ambos os dous aprecian a necesidade de realizar este programa de emprego forma conxunta que abrangue os respectivos ámbitos territoriais dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e a ocupabilidade de persoas desempregadas da zona mediante a realización de obras de interese social que activen o desenvolvemento territorial. Estes programas, permitirán formar a persoas desempregadas maiores de 18 anos nas especialidades formativas nas especialidades formativas de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) e Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais (SSCB0110) así como adquirir a práctica profesional.

Tamén hai que considerar que, se vai a desenvolver unha actuación de interese social centradas nos coidados e promoción dunha vida plena e activa nas persoas.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, considérase necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder prestar servizos aos cidadáns e cidadás en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, o que neste caso se consegue delegando a xestión no Concello de Ribadeo .

Quinto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes ACORDAN FORMALIZAR UN CONVENIO PARA ENCOMENDAR A XESTIÓN DO PROGRAMA DE OBRADOIRO DUAL DENOMINADO “VILAS COIDADORAS” POLO CONCELLO DE BARREIROS AO CONCELLO DE RIBADEO e segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Programa de Emprego, obxecto de encomenda ao Concello de Ribadeo, e nos termos da Orde de 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.

Segunda.-Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial do Programa de emprego será o correspondente aos termos municipais de Ribadeo e Barreiros.

Terceira.- Competencias.-

A lei 27/2012 , do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, non contempla como competencia propia aquelas relativas as políticas activas de emprego. Non obstante, a lei galega 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da lei 27/2012 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local , no seu artigo 3.d sinala que non se entenderá como unha competencia nova “A concorrencia a convocatorias de subvencións ou de axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións ou axudas, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades, de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención”.

Por outra banda, cabe indicar que a tanto a atención social como a promoción cultural dos nosos maiores, servizo de interese social que se vai levar a cabo con este Programa de Emprego, sí é competencia directa dos concellos.

Cuarta.- Xestión do programa.-

O Concello de Ribadeo será o responsable técnico e administrativo da xestión do Programa de emprego, de conformidade co establecido na orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros udais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Procedemento TR353A)

A tal efecto, o Concello de Ribadeo procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Neste sentido, o Concello de Barreiros encomendará a xestión no Concello de Ribadeo , si ben manterá as súas competencias e ditará cantos actos ou resolucións de carácter xurídico sexan necesarias que dean soporte ou nos que se integra a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Quinta.- Prácticas formativas: obras concretas a realizar nos dous Concellos.

Os alumnos e alumnas recibirán formación profesional para o emprego, segundo o plan formativo incluído na memoria do Obradoiro Dual de emprego, alternándoa coa práctica profesional.

Os dous Concellos aprobarán as actuacións concretas a realizar no seu Concello e o proxecto de Emprego conxunto. Asemade, certificarán a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións.

Sexta.- Normas xerais de selección.

A selección do alumnado, así como a do persoal directivo, docente ou administrativo de apoio participante no programa que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que se elaborarán polo concello de Ribadeo e se aprobarán polos dous concellos, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos pola consellería respectiva nesta materia. No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e do alumnado aprobadas deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web das entidades promotoras. Así mesmo, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

O procedemento de selección realizase polo concello de Ribadeo con participación no órgano de selección do concello de Barreiros. Unha vez rematada a selección, o concello de Ribadeo remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio, no modelo que se establecerá e publicará na dita instrución. Tamén remitirá as actas de selección correspondentes ó concello de Barreiros que deberá aprobar as contratacións correspondentes.

Sétima.- Selección do alumnado

A selección do alumnado irá precedida da tramitación de oferta de emprego específica pola correspondente oficina de Emprego, que se remitirá polo concello de Ribadeo. Con carácter previo ou no mesmo momento no que se envíe a oferta á oficina de emprego a entidade promotora remitirá á propia oficina e máis á Xefatura Territorial competente as bases reguladoras do proceso de selección.

Na selección terase en conta os criterios e instrucións que a consellería de emprego e igualdade establece na convocatoria e/ou instrucións.

A entidade promotora realizará a selección de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego que deberá conter, sempre que sexa posible e como mínimo, tres persoas candidatas por posto.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Como regra xeral, o 70% dos alumnos solicitados e seleccionados serán do concello de Ribadeo e o 30% do concello de Barreiros, salvo que non haxa suficientes persoas candidatas na oficina de emprego de ambos concellos para cubrir estas porcentaxes.

Oitava.- Selección do persoal directivo, docente ou administrativo de apoio.

Na selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

Así mesmo, corresponderalle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se e o caso, as probas que poidan aplicarse, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procedese. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de Emprego de Galicia.

A selección definitiva deberá realizarse entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública se é o caso.

Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atopen en situación de desemprego.

Novena.- Contratación

O alumnado seleccionado será contratado, polo concello de Ribadeo, dende a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe ou do que corresponda conforme a normativa laboral aplicable. De acordo co disposto nos apartados 1 e 2 da disposicións adicional novena do Real Decreto Legislativo 32/2021 establece que as estes

contratos non se lles será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido no respectivo Real decreto Lexislativo:

“ 1. As administracións públicas, e no seu caso , as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido na Lei de Emprego , cuia duración no poderán exceder de 12 meses.

2. As persoas traballadoras maiores de 30 anos que participen en programas públicos de emprego e formación previstos neste texto refundido da Lei de Emprego , poderán ser contratadas mediante o contrato formativo previsto no 11.2 do Estatuto dos traballadores.”

Así mesmo nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactancia e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

O concello de Ribadeo tamén contratará ao persoal de dirección, docente ou administrativo que fose seleccionado de acordo co procedemento establecido no artigo anterior a través da modalidade de contratación que considere máis axeitada.

As contratacións realizaranse unha vez que os dous Concellos aproben as mesmas polo órgano competente.

Os contratos de traballo formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación, debendo facerse constar a súa pertenza aos programas de emprego e a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán mecanizados e comunicados ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través do aplicativo Contrat@ marcando a opción específica “ET/CO/TE/FD” que figura no apartado “Datos específicos do contrato”. Unha vez indicada esta opción aparecerá un despregable que permitirá elixir de, entre varias opcións, as correspondentes a “Alumno/Traballador” e “Persoal” que se empregarán, respectivamente, para o alumnado e o persoal directivo, docente ou administrativo do programa de emprego.

Décima. – Programa de inserción Laboral

Ambos os dous concellos comprometéase a desenvolver un programa de inserción laboral das persoas participantes que rematen o obradoiro co resultado de apto/a, a través da publicación dunha convocatoria de incentivos á contratación laboral por conta allea durante un mínimo de tres (3) meses a xornada completa en empresas do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.

O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. Na tramitación dos expedientes de concesión dos incentivos, as entidades locais deberán ter en conta o réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro). Tomarase como referencia o anexo V facilitado pola Consellería como modelo orientativo de convocatoria.

Estas contratacións deberán comezar, con carácter xeral, nos quince días seguintes ao da finalización do obradoiro dual de emprego, polo que a publicación da convocatoria deberá ser realizada con suficiente antelación

Décimo Primeira.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das Administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos alcalde e alcaldesa. As súas principais funcións serán:

-O seguimento da xestión do programa.

-A resolución de calquera incidencia que poida xurdir.

-A interpretación do convenio.

-A proposta, no seu caso, de addendas.

-Intervención previa á resolución do convenio por incumprimento.

-Calquera outra relacionada coa xestión do programa, incluídas as indemnizacións en caso de incumprimento.

Décimo segunda.- Aspectos económicos e financiamento.

Cada Concello sufragará con fondos propios a parte non subvencionada pola Consellería a través da subvención solicitada, nun 50% cada un. Neste caso, tendo en conta o orzamento previsto, a contía que inicialmente lle corresponderá a cada concello ascende a 2.500 €, que os concellos deberán acreditar mediante certificado de dispoñibilidade de crédito no orzamento do exercicio 2022, e que o concello de Barreiros deberá transferir ó concello de Ribadeo no momento en que

este llo esixa mediante comunicación expresa, indicando o número de conta e a contía concreta a transferir.

Décimo terceira.- Incumprimento das partes.

O incumprimento por algunha das partes asinantes das obrigas derivadas deste convenio, da lei ou da normativa autonómica que regule a subvención solicitada, será causa automática de resolución do mesmo, desaparecendo as obrigas derivadas deste convenio para ámbalas dúas partes. As posibles indemnizacións derivadas do incumprimento acordaranse pola Comisión de seguimento que se deberá de convocar especificamente para este asunto, sen prexuízo de que calquera das partes poda acudir á vía xurisdiccional na defensa dos seus intereses.

Décimo cuarta- Vixencia do Convenio

A vixencia do presente convenio estará condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención do Obradoiro Dual “ Vilas Coidadoras”. O convenio estará vixente durante a totalidade da duración do programa de emprego e ata que se considere completamente xustificada a correspondente subvención, e non se admitirán prórrogas.

En calquera caso a súa duración inicial non excederá de catro anos, sen prexuízo de que, antes de que finalice o prazo de vixencia, os asinantes do convenio acorden unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Décimo quinta- Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.”

QUINTO.-Habilitar o crédito necesario nos Orzamentos de gastos para o exercicio de 2022 e comprometerse a habilitar crédito, no seu caso, nos orzamentos do ano 2023 para sufragar a parte do proxecto non subvencionado. .

SEXTO: Facultar ao alcalde de Ribadeo para a sinatura do correspondente convenio e cantos documentos sexan necesarios na súa execución e asemade, para que leve a cabo todas as actuacións que se precisen para a efectividade deste acordo.

SÉTIMO: Unha vez conste no expediente a aprobación do convenio por parte dos Concellos interesados, que se publique o acordo co texto do convenio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 11.3.a) da Lei 40/2015.

OITAVO. Declarar que existe dispoñibilidade dos espazos e inmobles precisos para o desenvolvemento do Programa, e que non son precisas autorizacións sectoriais.

NOVENO. Ao remate da actividade de formación, comprometerse a prestarlle asesoramento ao alumnado-traballador participante, tanto para a procura de emprego por conta allea como para o establecemento por conta propia. “

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente á Proposta transcrita, nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno Municipal.

Sen promoverse deliberación a Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, doce dos trece que compoñen a mesma, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

8.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL):

DECLARACION DE URXENCIA.-

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACION NUM. 22. FRA. GESTIÓN GRATELU.-

Pola Alcaldía-Presidencia dase conta dunha factura relativa a obras nas parroquias de Couxela, A Devesa, Santalla e Arante que corresponde ao pasado ano realizadas pola empresa GESTION

GRATELU.

A Corporación acorda por unanimidade dos seus membros apreciar a urxencia do asunto e proceder ao tratamento do mesmo.

Sometido a votación, por unanimidade dos membros da Corporación presentes, acórdase prestar aprobación ao Recoñecemento extraxudicial de créditos- REC- correspondente á factura de referencia por importe de 13.607,72 euros de GESTION GRATELU S.L. relativo á Certificación un e final das obras de fábrica nas parroquias de Couxela, A Devesa, Santalla e Arante.

A)DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE XANEIRO E O 28 DE FEBREIRO DE 2022.

A Corporación queda enterada dos decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no período referido.

B)MOCIÓNS:

DO GRUPO POPULAR SOBRE MELLORAS NOS CENTROS DE SAÚDE.

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR de RIBADEO, a través da súa concelleira, Begoña Sanjurjo Santar, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

Exposición de motivos:

Durante estes dous últimos anos o sistema sanitario español e tamén o galego foi sometido a un importante exame por mor da pandemia ocasionada pola covid-19 que afectou non só ao ámbito da atención hospitalaria, senón que tamén á atención primaria.

En atención primaria a Xunta de Galicia levaba xa anos traballando para avanzar na súa reforma, de feito, antes da pandemia se aprobara e estaba en marcha o Plan galego de atención primaria 2019-2021 que fixou as liñas de traballo cara a unha primaria mais sólida, con mais recursos, maior autonomía e mais persoal. O Plan non só falaba de novas medidas, senón que ademais contemplaba a incorporación nestes últimos anos de 331 profesionais a este nivel asistencial.

Así mesmo contábase coa estratexia 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde' que continúa sendo a guía para acadar o obxectivo de que a atención primaria sexa o eixo medular do sistema sanitario público galego.

No marco destas dúas estratexias, xa se puxeron en marcha os primeiros 14 plans de saúde local que continuarán coa súa implantación no resto do territorio, as axendas de calidade, o CRM100 para a atención das chamadas recibidas nos centros de saúde, ou o protocolo para a xestión da demanda 'XIDE'. Con estas medidas refórzase a autonomía dos centros e permítese unha mellor xestión da demanda e da sobredemanda.

Sen embargo, o déficit de persoal médico de atención primaria en todo o sistema sanitario español, dificulta contar cos recursos humanos necesarios.

Para poder afrontar este problema, en Galicia hai anos que se implantaron medidas como o contrato de continuidade ou, mais recentemente, a incorporación de técnicos de saúde. A Xunta anunciou tamén unha convocatoria de prazas de médico especialista en atención primaria a través dun concurso de méritos que será unha oportunidade para incentivar a incorporación de facultativos naqueles concellos, como pode ser o noso, no que existen dificultades para a cobertura de prazas. Esta convocatoria será posible grazas a unha reforma legal que tanto BNG como PSdeG votaron en contra no Parlamento de Galicia.

Ademais, hai cuestións que son competencia do Goberno do Estado que están sen resolver, como atender á petición do Parlamento galego onde todos os grupos políticos solicitaron a creación da especialidade de urxencias, que permitiría mellorar a formación específica dos profesionais e evitar que os MIR de primaria, unha vez rematada a residencia, acaben traballando en urxencias. Tamén está pendente a incorporación de mais prazas de formación que amplíen o número de profesionais que se forman en Galicia para atención primaria, así como flexibilización do sistema de acreditación de prazas e a mellora do programa formativo de atención primaria.

Por todo elo, o Grupo municipal do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación a presente **moción, e propón os seguintes ACORDOS**

1. Instar ao Goberno de España:

- a. Á eliminación das limitacións na taxa de reposición do persoal sanitario
- b. Á creación, con tramitación preferente, da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias tal e como foi esixida de xeito unánime polo Parlamento de Galicia
- c. Á flexibilización do sistema de acreditación de prazas de formación, así como a mellora do programa formativo da especialidade de medicina familiar e comunitaria
- d. A proceder á convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina de familia ou, cando menos, resolver positivamente a solicitude de Galicia de incorporar 65 novas prazas formativas de medicina de familia á vindeira convocatoria

2. Apoiar a decisión da Xunta de Galicia, dada a negativa do Goberno central a tomar outras medidas para aumentar o número de médicos de familia, da creación dunha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria e da regulación do seu acceso a través dun concurso de méritos para incentivar que se cubran as prazas de difícil cobertura, e solicitar que entre as ofertadas se inclúan prazas vacantes do centro de saúde de RIBADEO.

Por parte do Concelleiro D.Daniel Vega Pérez faise unha exposición da mesma significando que no nse atopa presente a concelleira do seu Grupo Dona Elisa Rodríguez que, como médico que é e coñecedora do asunto, defendería moito mellor o contido da Moción.

Promóvese deliberación entre o voceiro do Grupo Municipal Popular Sr. Vega Pérez e o Sr.Alcalde sobre a oportunidade da Moción, se se trata dunha Moción tipo ou non e sobre o contido da mesma.

Pola Alcaldía propónse a substitución do segundo punto da mesma polo seguinte texto:

2º.- Garantir a capacidade e a calidade docente para atender a formación dos profesionais MIR

Elaborar con urxencia o Plano de recursos humanos para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder á súa cobertura en todas as categorías.

Rematar coa política de precariedade ofertando contratos dignos para evitar que se marchen os profesionais ben para a privada ou para o extranxeiro.

Posta en marcha dun plan de retorno e captación dos profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes.

A incorporación á carteira de servizos de atención primaria de categorías imprescindibles para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera.

E por último poñer en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional.

Continúa o debate e rematado o mesmo é sometida a votación a Moción nos termos presentados polo Grupo Popular ao non estar de acordo coas emendas pre sentadas polo equipo de goberno obténdose tres votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e nove abstencións dos membros do Grupo do BNG e do PSG-PSOE.

C)ROGOS E PREGUNTAS.-

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Intervén o Concelleiro do Grupo Popular Sr.Vega Pérez que formula preguntas sobre a situación actual da herdanza do Doctor Moreda a favor do Hospital-Asilo municipal, que lles ten preocupado por que o tempo pasa e non se resolve.

Pola Alcaldía respóntase informando sobre as últimas actuacións e trámites realizados en diferentes aspectos da referida herdanza así como sobre o proxecto técnico para as obras de rehabilitación no Hospital Asilo municipal.

Formula outra pregunta referente ao cableado que se fixo para servizos na rúa San Roque preguntando se se podería soterrar todo en vez de pasar polas fachadas das casas.

O Alcalde resposta que non é fácil facerlle entender aos operadores que actúan no casco da vila que deben ser liñas soterradas e que unhas veces conséguese e outras non.

Formula tamén un rogo que lles fan sobre o período de pago das facturas para que se acelere xa que se está cobrando por moitas empresas cun considerable retraso.

Resposta o Concelleiro Delegado Sr.Vizoso Galdo que acepta o rogo e dí que se está traballando neso.

O Sr. Alcalde indica igualmente que dende os servizos técnicos lle manifestan que a día de hoxe todas as facturas presentadas están informadas e sinala que ás veces non é culpa do Concello senon que se presentan tarde.

Intervén a concellería Sra. Sanjurjo Santar que pregunta por quinta ou sexta vez por unha ponte e o arranxo da estrada da Deputación na parroquia de Santalla

O Sr. Alcalde resposta que se trata de dúas cousas distintas e que a ponte están mirando o tema. Respecto da estrada da Deputación sinala que se amañaron trece quilómetros dos dezaioito que debe ter a deputación en viarios provinciais e quedaron cinco sen amañar.

Acepta o rogo de que está moi mal ese treito e sinala que se seguirá traballando para que se logre amañar.

A Concelleira Sra. Sierra Pulpeiro refírese á falta de limpeza na capela do cemiterio, sinalándose polo concelleiro delegado que se mirará.

Formula outra pregunta sobre a Praia de o cargadoiro abríndose deliberación e sinalándose pola Alcaldía que se está traballando dende hai tempo no tema co Servizo de Costas.

Refírese tamén a mesma concelleira ao abandono das instalacións deportivas, campo de fútbol de A Devesa sen mencionar tamén o Pepe Barrera.

Pola Alcaldía sinalase que o Pepe Barrera está ben e que o campo de fútbol de A Devesa aínda que non está tan mal se vai mirar.

Refírese tamén ao pavillón polideportivo vello no que está caendo auga e con cristales rotos, respostándose polo concelleiro delegado de deportes que se trata dunha cuberta plana que orixina estas anomalías que se intentan subsanar pero que todos os arraxos son parches.

A Concelleira pregunta tamén cando se pensa limpar as fincas municipais como por exemplo a de A fonte de Cedofeita ou outra en A Devesa.

O Alcalde indica que toma nota.

Formular por último un rogo relativo ao balde de rúas e a limpeza na vila e sobre a Praza de Abastos pregunta polos postos que están pechados como está a tramitación para a súa reapertura, respostando o concelleiro Delegado Sr. Vizoso Galdo que está en proceso de licitación.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

O Concelleiro Sr. Torviso Berdeal formula dúas preguntas unha para coñecer as datas de celebración do Ribadeo Indiano.

O Sr. Alcalde resposta que a segunda fin de semana , 8,9 e 10 de xullo de 2022.

Pregunta tamén se a empresa Calfensa segue co mantemento do campo de fútbol.

O concelleiro delegdo Sr. Freije López resposta que sí menos co segado do campo que o fai o Concello.

A Concelleira do Grupo Socialista Dona Marta García Rey pregunta polo carril-bici que parece que se vai a realizar agora e se se vai arranxar o asfalto tamén.

A Alcaldía resposta que sí, que todo.

Formula outra pregunta relativa a cando vai empezar o amaño da estrada da deputacion, de Ribadeo a Vilela.

O Alcalde resposta que canto antes pero que falta algunha cuestión técnica con ADIF.

Pregunta igualmente polo tema do mercado dos mércores como vai quedar, respostando o concelleiro delegado que se está pendente dunha consulta xa que hai diferentes posicións sobre o emprazamento.

Por último pregunta se se ten constancia de refuxiados de Ucraína en Ribadeo.

O Alcalde resposta que sí e non. Que dende o Concello se comunicou á Xunta a vontade de apoiar no que sexa pero sempre que vai canalizado polos cauces legais a través do Goberno e a Xunta ou como sexa pero sen favorecer a asistencia por outros cauces.

Sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE